

# Alborada para Rosalía de Castro

## Manifesto

*Vaite noite...*

*Vai fuxindo...*

Grande atrevemento é sen dúbida que todos os gaiteiros de Galicia saiamos ás encrucilladas, ás prazas, ás rúas, neste 24 de febreiro de 2019, como fixemos en 2013.

Grande atrevemento é dar unha alborada para dicir a todos que naceu Rosalía de Castro.

Pero somos atrevidos.

Porque aquel 24 de febreiro de 1837 canda ela naceu unha esperanza para Galicia que 182 anos despois continúa viva.

Atrevémonos porque na Galicia contemporánea Rosalía está máis viva ca nunca.

Somos atrevidos, queremos mil, cen mil gaiteiros máis para Galicia.

Que todos saiban que hoxe a gaita galega non chora, que canta.

Que todos saiban da alegría que é lembrar o nacemento de Rosalía.

Con ela naceu unha ilusión e un novo tempo para Galicia.

Arriba todas, rapaciñas do lugar!

Arriba, toleirona mocidá!

*Vente aurora...*

*Vente abrindo...*

Por iniciativa de:

**Asociación de Gaiteir@s Galeg@s**  
**Fundación Rosalía de Castro**